

Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo


Animalium

A imaxe dos animais na arte galega

Alberto Guillás
Álvaro de la Vega
Camillo Seira
Edu Valiña
Enrique Tenreiro
Iago Eireos
Jorge Agra
Jorge Espiral
Julio Sanjurjo
Lomarti
Nicolás González Aller
Noa Persán
Óscar Aldonza
Paco Pestana
Pedro García Losada
Paulo Neves
Peter Schneider
Seara
Xavier Magalhães
Xoán Vila
Xosé Reigosa

A close-up photograph of cow fur, showing a mix of black and white patches. The fur is dense and has a slightly wavy texture. The lighting is soft, highlighting the individual hairs.

**Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo**



O Museo Interactivo da Historia de Lugo acolle de novo unha exposición colectiva na que un gran número de artistas, todos eles protagonistas de importantes exposicións individuais, se xuntan para un proxecto común ao redor dun tema monográfico tan significativo como é a imaxe animal nas artes galegas do noso tempo.

A representación dos animais é un dos grandes motivos artísticos ao longo de toda a historia da Humanidade, e afonda as súas raíces nos tempos máis recuados: non hai máis ca pensar nas grandes representacións propiciatorias dos cazadores paleolíticos que sobreviven aos milenios nas covas de Altamira ou de Lascaux, e máis modestamente na nosa Cova de Eirós. Ou vindo a máis cerca no tempo, nos petróglifos galegos que debuxan en pedra sobre todo os espléndidos cervos de poderosa corna, pero tamén outros animais coma cabalos, cabras ou serpes.

Esas obras de arte creadas polos nosos remotos devanceiros aínda nos conmoven hoxe, pola súa beleza e as súas misteriosas resonancias, pois son realmente parte dun tema eterno: os animais son os nosos compañeiros no mundo, e aínda que os seres humanos somos unha especie carnívora, tamén somos capaces de sentir amor e respecto por eles, converténdooos en divindades, en símbolos, e sobre todo, e felizmente cada vez máis no noso tempo, en amigos.

Tamén é por iso que esta exposición ten, ademais do seu significado artístico, un sentido ético moi importante, pois na súa variedade de enfoques e estilos será capaz de potenciar en nós ese respecto e ese amor polos seres vivos que se moven e senten, que sofren e gozan, que están con nós e que dependen de nós, e que nós temos a obriga, como especie máis intelixente e poderosa que somos, de protexer e de tratar con todo o agarimo posible.

O Concello de Lugo comprácese en acoller neste senlleiro edificio unha exposición senlleira na que 21 artistas nos ofrecen as súas imaxes de animais, de ben diversos animais dende ben diversas artes, actitudes, formas e maneiras.

Lara Méndez López

Alcaldesa de Lugo

Carmen Basadre Vázquez

Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua



**Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo**

A IMAXE ANIMAL NA ARTE CONTEMPORÁNEA GALEGA

Animalium é un proxecto expositivo integrado por artistas profesionais, no que o fío conductor é a figura animal posta en relación co pasado do espazo expositivo, o antigo matadoiro de FRIGSA agora reconvertido nun espazo cultural, o Museo Interactivo da Historia de Lugo.


Desde a antigüidade, son numerosos os exemplos da representación da imaxe animal na historia da arte: as pinturas rupestres, as artes figurativas exipcias... Representacións, todas elas, que nos permiten reflexionar sobre a relación do home coa natureza. É así como os artistas referenciados afrontan na súa traxectoria o mundo animal desde distintas perspectivas: Paco Pestana, Edu Valiña e Álvaro de la Vega incorporan as súas vivencias persoais; Lomarti, Noa Persán, Jorge Agra e Xavier Magalhães afrontan o tema desde

a crítica social; Iago Eireos desde a descontextualización; Alberto Gulías desde a estética; Xosé Reigosa, Peter Schneider e Pedro García Losada desde o foco dunha cámara; Paulo Neves, Julio Sanjurjo e Nicolás González Aller dunha forma naturalista; Camilo Seira desde a tenrura; Óscar Aldonza e Xoán Vila desde o primitivismo; Jorge Espiral e Seara desde o humor e Enrique Tenreiro desde a abstracción.

Salientamos, polo tanto, este espazo expositivo MIHL creado a partir dunha paisaxe agraria e industrial, FRIGSA, polo que significa como valor identitario da sociedade, como memoria viva do pasado e como un elemento patrimonial importante para a historia da cidade. É por isto polo que a intervención nestes espazos dos artistas en calquera das súas manifestacións, pero aínda máis cando se trata de representacións plásticas e literarias, é determinante para calificalo como paisaxe cultural.

O noso agradecemento ao Concello de Lugo por permitirnos presentar esta exposición, onde o contedor cultural e o contido son un todo, nun proxecto no que se pon en valor o pasado e o presente deste espazo a través das distintas lecturas da figura animal no panorama artístico contemporáneo galego.

Cristina Carballedo Penelas
Comisaria



Animalium

A imaxe dos animais na arte galega

Alberto Guillás
Álvaro de la Vega
Camillo Seira
Edu Valiña
Enrique Tenreiro
Iago Eireos
Jorge Agra
Jorge Espiral
Julio Sanjurjo
Lomarti
Nicolás González Aller
Noa Persán
Óscar Aldonza
Paco Pestana
Pedro García Losada
Paulo Neves
Peter Schneider
Seara
Xavier Magalhães
Xoán Vila
Xosé Reigosa

[1]




[2]



[3]




[4]



[5]



- [1] AMAZONAS DE LONCHAMP
[2] CAVALIERE
[3] ESTE CUENTO SE HA ACABADO
[4] PARADISE
[5] THE QUEENS DOGS
- Técnica mixta sobre táboa. 50 x 50 cm.



[1]

[1] CABALLO
Madeira de olmo. 95 x 98 x 30 cm.

[2] TOURO
Aluminio. 45 x 35 x 30 cm.

[2]





[1]

[2]



[1] PALOMA
Madeira de piñeiro manso tinxida. 130 x 85 x 55 cm.
[2] O COELLIÑO FELIZ
Pedra policromada. 40 x 22 x 30 cm.





Edu Valiña

AUTORRETRATO CON DENTES
Fotografía. 36 x 100 cm.




ESCULTURA Nº 81
Salgueiro tallado eacrílico vermelho. 170 x 120 cm.

Enrique Tenreiro




Iago Eireos

TERRA FORTE - SERIE PAISAXE ENGADIDA
Técnica mixta sobre lenzo. Tríptico 100 x 100 cm.



[1]



[2]

[1] EL PERRO
Acrílico sobre lenzo 90 x 90 cm.

[2] CLUB TAURINO
Acrílico sobre lenzo 90 x 90 cm.

Jorge Agra



[1]



[2]



[3]

Jorge Espiral

SERIE BAILANDO CON TOROS

[1] Acrílico sobre lienzo 46 x 38 cm.

[2] Acrílico sobre lienzo 130 x 97 cm.

[3] Acrílico sobre lienzo 46 x 38 cm.

[1]



[2]



[3]



[1] SED ANIMAL
Aluminio mármore.

[2] e [3] DOS HERMANOS
Aço policromado. Óleo sobre lenço. Cortiza. 150 x 117 cm.

Julio Sanjurjo



Lomarti

IMAXINARIOS
200 x 300 cm.



CAN DE PALLEIRO
Técnica mixta sobre chapa metálica 200 x 100 cm.

Nicolás González Aller




[1]

[1] CABALGANDO SOBRE EL AXIOMA DE EOLO

Óleo sobre lenzo. 116 x 81 cm.

[2] DOOR TO THE OTHER SIDE

Óleo sobre lenzo. 213 x 83 cm.



[2]



ANIMAL NON NATO
Cemento branco con óxidos
metálicos e bronce.
Modelado directo.
150 x 80 x 70 cm.

Óscar Aldonza

Paco Pestana
Pedro García Losada

PACO PESTANA
Poema.

PEDRO G^a LOSADA
Fotografía.





Baixo da terra Frig-Seando nun animalicidio.

Animal, animal.

Tu tes sempre os cais esfamiados e roendo as frebas secas da gorxa. /... E déixalos adormecer, acubillados de neve nas saias moles do palleiro. / E ti alacranado paduán finxes ser valente e un decidido titán-de-titania. / E poslle ao cuzo unha carranca de puntas-pinchos no pescozo, e que aule a vontade xebrando na noite, os medos estalcados na gorxa dos lobos.

Xa é tarde: Pan-Pus e Carne. E xa Frig-Seado aléxaste, nos brazos das berzas e dos samarcos, sembrando a barriga ten mau, parazas entre salvado de centeo e nabos de Lugo sacramentados. Temos un inverno no corazón, afiado en xeadas negras e esmorecéndose mentras pintas un cuadro. Alí ao fondo, un fatado de vacas rubias mal mantidas pacendo en un mal-mantido Prado.

[1]



[1] PÁSSARO

Madeira policromada. 55 x 65 x 10 cm.

[2] TOUPEIRA

Madeira policromada. 20 x 160 x 18 cm.

[2]



[1]



[2]



[3]


[1] PARTICULAR

[2] NOVA

[3] CAMINANDO

Fotografías dixitais. Edición 6+3. 40 x 50 cm.

Peter Schneider



Seara

FEET TO FEET (PÉ A PÉ)

Mixta (sanguina, acuarela, gouache, dixital, pintura metálica) 100 x 130 cm.



A BICHA DA VIDA
Técnica mixta sobre taboleiro
mariño. 125 x 122 cm.

Xavier Magalhães

[1]



[2]



[1] PASANDO LOS PRIMEROS MIEDOS

Talla de madeira de cerdeira autóctona. 85 x 44 x 22 cm..

[2] CACHOLA

Talla directa en madeira de castiñeiro e autóctona. 46 x 40 x 36 cm.

[1]



[2]




[1] MORTALIA I

[2] MORTALLA II

Fotos dixitais impresas sobre papel baritado. 40 x 60 cm.

Xosé Raigosa




A close-up photograph of a cow's face, showing the texture of its fur. The fur is primarily white with distinct black patches, particularly around the eyes and on the top of the head. The lighting is soft, highlighting the individual hairs.

"Quero ser un becerro para que me vendan nunha feira e me compres tu"



Se queres estar informada/o todo o
ano da actualidade cultural e turística
síguenos nas redes sociais
@LugoTurismo
facebook.com/LugoTurismo

ou na web:
www.lugo.gal



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo



Concello de Lugo